

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A OPC GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DO 32 CONGRESO NACIONAL OPC SPAIN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Organizadores Profesionais de Congresos de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e OPC Galicia para a celebración do 32 Congreso OPC España 2020, na cidade de Santiago de Compostela entre o 20 e 22 de febreiro de 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- OPC Galicia, a Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos, é unha organización sen ánimo de lucro que, dende o seu nacemento no



1994 é de acordo cos seus estatutos, vela pola mellora da calidade e máis na posta en valor dos servizos que no eido da organización profesional de congresos se desenvolven en Galicia.

Na procura dese obxectivo organiza actividades que afondan na mellora da cualificación do sector e máis na divulgación de Galicia como destino para a organización de congresos.

Terceiro.- O próximo mes de febreiro Galicia acollerá o 32 Congreso Nacional OPC Spain. O concepto deste novo encontro baséase na proposta de territorio, e aínda que as xornadas centrais do encontro se desenvolverán en Santiago, a implicación doutras cidades resultará sen dúbida un punto moi atractivo do evento.

Ninguén dubida do recoñecemento de Galicia como destino turístico de calidade e opción destacada para acoller todo tipo de eventos. As infraestruturas, servizos e recursos MICE de Galicia son referencia de profesionalidade e idoneidade: temos a capacidade de desenvolver todo tipo de eventos con independencia da súa magnitude e características.

Os conceptos asociados á “marca Galicia” son sinónimo de calidade xa coñecidos polo consumidor: gastronomía, natureza, mar, rural... e emoción.

Por isto os catro eixes sobre os que se fundamentará este encontro serán o coñecemento, o contacto, a tecnoloxía e, por suposto, a emoción..

Cuarto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Tres son os retos da estratexia de Turismo 2020, na súa Liña estratéxica 9, establece como obxectivo estratéxico 9.3 Diferenciación baseada nos recursos endóxeos, a acción 9.3.6. Turismo MICE, na que se establece o fomento da promoción conxunta de Galicia como destino MICE, buscando sinerxías entre os pazos de congresos e recintos feirais co tecido socioeconómico das nosas cidades, facendo fincapé na Coruña, Santiago e Vigo, por ser as tres poboacións con plantas hoteleiras suficientes como para dar cabida a eventos de importancia.

Que a través deste convenio, outórgase a OPC Galicia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

galicia

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos



Xacobeo 2021